



CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E AS ENTIDADES LOCAIS DE OIA, NIGRÁN, DOZÓN, CRECENTE, BAIONA, O INCIO, SAN CRISTOVO DE CEA, FERROL E NEDA PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2018, COFINANCIADO PARCIALMENTE DO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014- 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coas entidades locais de Oia, Nigrán, Dozón, Crecente, Baiona, O Incio, San Cristovo de Cea, Ferrol e Neda, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o trinta e un de decembro de 2018 (31/12/2018).

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e as entidades locais de Oia, Nigrán, Dozón, Crecente, Baiona, O Incio, San Cristovo de Cea, Ferrol e Neda, no desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2018 , de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de tódolos recursos que se inclúen neste convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

SEGUNDO.- As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e prevención e extinción de incendios.

TERCEIRO.- A Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012 do 28 de xuño de Montes establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que





sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

Así, no artigo 8 establece que *as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.*

Tamén no seu artigo 59 establece que: *“Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico.*

A Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para o asinamento de convenios de colaboración cos concellos para a redacción dos plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais nos termos establecidos no artigo 16 e para a realización de traballos preventivos nas vías e montes de titularidade municipal e na xestión da biomasa das parcelas de propietario descoñecido, determinadas en análises da propiedade de conformidade co establecido no artigo 16.2, e co fin de que poidan ter recursos para exercer as competencias previstas nela consonte o artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia”.

CUARTO.- As accións en materia prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes son accións previstas pola normativa europea de axuda ao desenvolvemento rural (FEADER) foron incorporadas na submedida 8_3 do PDR Galicia 2014_2020 aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) núm. 8144 do 18 de novembro de 2015. E en concreto están previstas nas seguintes normas:

⌚ Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello.

⌚ Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

⌚ Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (Ce) núm. 2799/98, (CE) núm. 814/2000, (CE) núm. 1290/2005 e (CE) núm. 485/2008 do Consello

⌚ Regulamento de execución (UE) núm. 808/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento e do Consello, relativo á axuda de desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

⌚ Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do





Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

QUINTO.- Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas), senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Cómpre, pois, un enfoque global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen abrangan todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, hai que priorizar as zonas clasificadas polo Goberno galego como de medio e alto risco de acordo cos seus plans de prevención e defensa contra incendios forestais.

En todo caso, cómpre lembrar que tódalas entidades locais de Galicia, segundo o disposto na Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados de alto ou medio risco de incendio, polo que poden ser obxecto de financiación con FEADER.

SEXTO.- Á vista do exposto débese recoñecerse que as entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais, polo que a Consellería do Medio Rural no marco descrito nos anteriores expoñendos ofrece a tódalas entidades locais de Galicia colaboración económica para financiar algunha/s das seguintes accións:

- ⌚ Participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba de propiedade municipal financiado con fondos propios da CA.
- ⌚ A realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado financiado con fondos FEADER.
- ⌚ A contratación de brigadas para o desenvolvemento de:
 - o Labores de vixilancia e defensa financiado con fondos propios da CA e
 - o Para a realización de traballos de prevención de forma manual financiado con fondos FEADER.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O importe económico e a data de sinatura dos convenios con cada unha das entidades locais son os que se reflicten na táboa que figura a continuación:





CONCELLO	DATA DE SINATURA	IMPORTE ECONÓMICO
OIA	22/6/2018	14.355,00
NIGRÁN	6/6/2018	27.184,62
DOZÓN	11/6/2018	14.355,00
CRECENTE	15/6/2018	33.689,62
BAIONA	14/6/2018	27.184,62
O INCIO	6/6/2018	22.731,04
SAN CRISTOVO DE CEA	6/6/2018	5.204,00
FERROL	23/7/2018	6.505,00
NEDA	6/6/2018	2.602,00

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

